



Alumnos de 6º de Educación Infantil participando nos Xogos da Inmaculada.



Alumnos e pais disfrutando das celebracións da Pastoral.

La Inmaculada aposta por os idiomas, a educación

O CPR Plurilingüe La Inmaculada organiza dende o Departamento de Orientación charlas con especialistas de diversos ámbitos: psicólogos, médicos, enfermeiros, corpos de seguridade do Estado que tratan temas tan diversos como o ciberbullying, trastornos alimenticios, consumo de drogas e alcohol, todas

elas enmarcadas dentro do Plan de Convivencia do centro educativo. Contam tamén co Departamento de Pastoral que é o encargado de organizar a Celebración da Palabra na Igrexa Parroquial de Ponteareas, nas datas máis representativas do curso: o seu inicio, Nadal, Semana Santa e fin de curso. Para os máis pe-

quenños estas celebracións lévanse a cabo na capela do colexio nas que, a través de cancións e xogos na pizarra dixital, os alumnos interiorizan valores de respecto, solidariedade, responsabilidade que os conforman como persoas. O colexio aposta tamén porque os alumnos adquiren competencias en lin-

guas estranxeiras, polo que pertencen á rede de centros plurilingües de Galicia e, dende o próximo curso, contarán cun auxiliar de conversa para as clases de inglés. Ademais ofertan como actividade extraescolar "Inglés Cambridge", na que os alumnos se preparan para adquirir, dentro da súa categoría, a titula-

ción oficial da Universidade de Cambridge. Un dos valores que se transmite dende o centro é o respecto e coidado pola natureza, polo que se realizan actividades dirixidas a coidar o entorno. Como mostra deste labor, conseguiron o Primeiro Premio Provincial no ano 2010, e realizan plantacións dende hai

máis de dez anos no monte da Picaraña, pertencente ao monte comunal situado no concello de Ponteareas. Ademais no centro teñen un propio invernadoiro e horta ecolóxica, na que os nenos cultivan, entre outras, leitugas, fresas e flores. Outro dos valores que se intenta transmitir aos alum-



En Nadal os alumnos tocan as súas propias pansoliñas.



O centro conta con dúas aulas de informática.



Atlántico

MIÉRCOLES, 18 DE MARZO DE 2015

¡A revista dos peques!



Ao longo do curso os alumnos disfrutaron de saídas educativas.



Campionato de badminton entre os diferentes cursos.

en valores e actividades no medio natural

nos é a solidariedade, por iso participan activamente nas actividades promovidas dende diferentes asociacións da vila con recollidas de alimentos ou roupa. Así mesmo, o colexio mantén dende o ano 2005 un irmamento cunha escola de Guatemala, consistente en becar a nenas para que teñan acceso a unha edu-

cación digna.

Outro dos piares na formación dos seus alumnos é o deporte, xa que, ademais do beneficio físico que nos proporciona, tamén les permite fomentar a relación entre nenos de diferentes colexios; por iso participamos dende hai anos nas Xornadas de Deporte Escolar organizadas pola Con-

sellería de Educación a través do programa "Xogade". Participan tamén en diferentes concursos, posto que consideran que é unha ferramenta que permite que os alumnos aprendan máis alá do ámbito curricular, acadando nos últimos anos premios coma o primeiro premio no curso 2011-2012 e finalis-

ta en todas as demais convocatorias do concurso de "Deseña unha xoia para a túa nai", organizado polo Colexio Oficial de Xoiería de Galicia; o primeiro premio autonómico do concurso "Qué es un Rey para ti" no curso 2012-2013; e finalistas en varios anos do Concurso "El País de los Estudiantes" cos Xor-

nais Dixitais "Ecos da Pica-raña" e "O trobador do Tea", organizado polo Diario "El País". Ao longo de todos estes anos o colexio foi modificando e ampliando as súas instalacións para adecualas ás necesidades educativas, entre elas a incorporación de novas tecnoloxías. A partires de setembro no colexio contarán tamén

con comedor escolar para os alumnos e alumnas para ayudar a integración familiar.

Dispoñen dunha páxina web www.colexioinmaculada.com, onde se poden consultar as actividades que se levan a cabo no centro, así como información xeral e os seus servizos coma o comedor escolar.



Os alumnos de 1º ESO participando nas xornadas do deporte escolar.



Os nenos de 5º de Educación Infantil na horta escolar.